



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN
E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)
PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS,
DIVULGATIVAS E DE PROMOCIÓN DA SAÚDE PARA A
PREVENCIÓN DO DANO CEREBRAL.**

Lalín, a 8 de outubro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, designado na sesión do Pleno da Corporación do 15 de xuño de 2019 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D. Luciano Fernández Pintor, en calidade de Presidente da Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) con CIF G70191051 e domicilio en Rúa Galeras, nº 17 – 2º – Oficina 5 - Santiago de Compostela, segundo o disposto no artigo 27 dos seus Estatutos.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

O artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.-

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148



das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente.

TERCEIRO.-

O marco competencial municipal, fundaméntase no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que tras e entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, queda redactado como segue: "1.- O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en este artigo.

2.- O municipio exercerá en todo caso competencias propias no termos da lexislación do Estado e das Comunidades, nas seguintes materias ; e) avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...."

Á súa vez o artigo 27 da LRBRL, segundo a redacción dada pola citada Lei, establece a posibilidade de que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, poidan delegar entre outras a seguinte competencia: "c) Prestación de servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención de violencia contra a muller."

A Disposición Adicional Cuarta da Lei 5/2014, do 24 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece que "as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013 continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela".

CUARTO.-

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148

dependencia.

QUINTO.-

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia no seu artigo 60 dentro do título VII denominado "Da atribución de competencias" regula a competencia dos concellos en servizos sociais, establecendo no 60.1 apartado b) a competencia:

"a creación, a xestión, e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59 i)"

Entendendo por funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, entre outras, a programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

SEXTO.-

De acordo co artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 este convenio non se entende como exercicio de unha nova competencia posto que supón a continuidade de actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

SÉTIMO.-

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública, creada en maio do ano 2007, promovida polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido (DCA): ADACECO en A Coruña, ADACE en Lugo, ALENTO en Vigo, RENACER en Ourense e SARELA en Santiago. É unha entidade prestadora de servizos sociais recoñecida e inscrita no rexistro correspondente da Xunta de Galicia co número E-5480.

NOVENO.-

O Concello de Lalín ten competencias para subscribir convenio coa entidade Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) en virtude do artigo 47.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO.-

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

O Concello de Lalín pode determinar as bases e criterios da política de integración social e laboral das persoas con discapacidade, promovendo a participación de todos os axentes sociais nas actuacións que se van realizar con dito colectivo.

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Lalín, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñen entre as súas funcións estes mesmos fins e desenvolverá os programas necesarios para a execución dunha axeitada política de integración das persoas con discapacidade. No mesmo senso o Concello de Lalín, a través da Concellería de Política Social, procurará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación. As asociacións constitúen un fenómeno solidario e político como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación con respecto ao cal os poderes públicos non poden permanecer alleos.

Polo exposto en puntos anteriores, e no exercicio das competencias que lles son propias, ambas partes expresan o seu interese en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente Convenio ten por obxecto a cesión de uso gratuíto de espazo a FEGADACE para a realización de actividades de formativas e divulgativas dirixidas á poboación lalinense, co fin de promover a saúde e previr o dano cerebral adquirido. Así como accións de sensibilización e concienciación social sobre a casuística e dimensión desta discapacidade, as súas necesidades de atención, apoio e recursos.

SEGUNDA.- NORMATIVA.

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de 1995 de Transferencia de Competencias á Comunidade Autónoma Galega.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que regulan os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa inclusión social
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1639/1996, de 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións.
- Real Decreto 1080/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións: Declaración de utilidade pública das asociacións e aplicación dos beneficios fiscais.

TERCEIRA.- CONTIDO DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

PROGRAMA 1: SENSIBILIZAR E INFORMAR Á POBOACIÓN LALINENSE SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (DCA) EN XERAL.

A finalidade principal do programa é sensibilizar e informar á poboación da nosa comunidade autónoma, e concretamente a través de este convenio, á poboación de Lalín sobre o dano cerebral adquirido en xeral, enfocándonos nas súas causas (principalmente ictus, nun 80% dos casos, e asociado ao envellecemento da poboación), factores de risco, medidas de prevención, signos e síntomas de alarma, pautas de actuación no caso de sufrir DCA e recursos de atención socio-sanitarios dispoñibles no ámbito da comunidade autónoma, así como dereitos das persoas con DCA e as súas familias. Neste programa desenvolveranse as seguintes actividades:

- Charlas/ sesións **informativas** gratuítas, de 1 hora de duración, sobre os contidos anteriormente citados e dirixida a todas as persoas/entidades que estean interesadas. A organización e impartición da sesión realizaríase conxuntamente

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148

entre SARELA e FEGADACE.

- **Exposición Punto e Seguido:** Trátase dunha mostra fotográfica que pretende acercar á cidadanía o traballo realizado polas entidades de dano cerebral de Galicia, así como a posibilidade de refacer os proxectos de vida das persoas e familias con dano cerebral, despois de que se produce o mesmo. Esta componse de 38 cadros e poderá permanecer exposta no Concello de Lalín entre un mínimo de dúas semanas ata o máximo de un mes, en función da axenda desta mostra itinerante noutros concellos e da dispoñibilidade dos espazos que o Concello de Lalín ceda para albergala

Procurarase que a presentación da exposición coincida coa celebración da/s charla/s. Da instalación e recollida da mesma será responsable FEGADACE. As responsables da súa organización son as profesionais de FEGADACE, se ben no caso de realizarse actos de inauguración ou presentación públicas, interviría sempre, conxuntamente coa federación, representación da asociación federada SARELA así como representantes do Concello de Lalín.

- **Formación/ obradoiros destinada ao persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** sobre o manexo das persoas con dano cerebral no fogar. O prazo de inicio será xuño de 2022. Serán impartidos por profesionais especializadas en dano cerebral, das asociacións federadas en FEGADACE e profesional de traballo social de FEGADACE. As responsables da súa organización son as profesionais de FEGADACE e a impartición dos obradoiros realizarase por persoal de FEGADACE e da asociación federada SARELA. No caso de que o SAF no concello de Lalín sexa un servizo subcontratado con empresas alleas ao mesmo, xestionarase a realización do obradoiro coa referida empresa concretándose as condicións da prestación do servizo por parte de FEGADACE no momento de planificación da actividade.

- **Obradoiros/ sesións informativas no ámbito educativo** (Primaria e Secundaria), cuxos contidos e metodoloxía se organiza en función da idade do alumnado. As responsables da súa organización son as profesionais de SARELA, e FEGADACE apoiaría, se é necesario. Requirirase dunha estreita colaboración cos centros educativos do concello de Lalín, concellería de educación e de política social.

- **Ciclo de Cine sobre o Dano Cerebral** con posibilidade de realización

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

no ano 2022, sempre e cando o concello de Lalín o considere como unha actividade relevante e de interese xeral, e colabore na identificación de espazos de proxección adecuados para o efecto.

PROGRAMA 2: "CAMIÑANDO POLO DANO CEREBRAL"

Os obxectivos de este programa son:

- OE1.- Incrementar o coñecemento social sobre o dano cerebral, focalizándose nas principais causas, síntomas de alarma e medidas de actuación en concellos con gran afluencia de poboación peregrina, mediante a realización de actividades de visibilización, información e promoción da saúde.
- OE2.- Sensibilizar á sociedade galega e foránea sobre a realidade do dano cerebral a través de actividades deportivas nas que participe a cidadanía xeral, persoas con dano cerebral e as súas familias.

Para a consecución do OE1 realizaranse as seguintes actividades:

1. Realización dun ciclo de charlas e/ou obradoiros preventivos sobre o dano cerebral.
2. Proxección de pezas audiovisuais documentais no marco do Ciclo de Charlas, para sensibilización e información sobre as causas, factores de risco, pautas de actuación e prevención do dano cerebral con especial foco nos traumatismos cranioencefálicos e/ou ictus, principais causas do dano cerebral e que se poderían producir no transcurso da peregrinación.
3. Distribución de materiais educativos/divulgativos sobre as principais causas do DC que complementen os contidos das anteriores actividades, en albergues, puntos de información turística, farmacias, centros de saúde, centros de acollida ao peregrino, etc.

Para a consecución do OE2, FEGADACE promoverá a realización de actividades que conxuguen o deporte e a solidariedade (probos deportivos de atletismo, sendeirismo, ou similares), sempre que o concello manifeste interese e conxuntamente se considere factible e viable a súa realización.

CUARTA.- OBRIGAS DE FEGADACE.

- Cumprimento das actividades descritas na cláusula anterior. Para elo

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

FEGADACE porá a disposición da cidadanía do Concello de Lalín, e para a realización das actividades anteriormente descritas ou outras da mesma índole que poidan ser identificadas e planificadas conxuntamente co equipo de servizos sociais e comunitarios do Concello de Lalín:

- Os recursos humanos especializados necesarios (traballadora social da entidade é a persoa principalmente responsable da execución. No caso de ser necesario, pola tipoloxía da acción que se realice, a participación da dirección, comunicación ou outras áreas de soporte, e tamén dos órganos de goberno, como xunta directiva, será comunicado coa antelación suficiente e que a actividade requira)
- Os medios técnicos necesarios para a impartición de sesións informativas, divulgativas e de sensibilización (ordenador portátil, proxector, pantalla de proxección, materiais de apoio, como papel, bolígrafos, etc.)
- Os materiais de información e sensibilización necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades (guías informativas, folletos de sensibilización, cadernos, vídeos e outros que poidan aplicar)
- No caso da Exposición Punto e Seguido, FEGADACE dispoñibiliza os cadros fotográficos así como, se fóra necesario, materiais de soporte.

- Utilizar os espazos cedidos para os fins indicados e acordes coa misión da organización. A estes efectos comunicarase coa suficiente antelación ao Concello a programación dos servizos e demais actividades que se realicen, de cara a non interferir na programación do propio Concello.

- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto do convenio.

- Conservar e usar dilixentemente as dependencias cedidas, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus ocupantes, tendo a obriga de comunicar ao Concello toda alteración, deterioro ou modificación producida ás mesmas á maior brevidade.

- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.

- Cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LALÍN.

- Cesión gratuita dos locais en función das actividades a desenvolver : aula/ s en auditorio municipal para a impartición de sesións formativas, charlas e ciclo de cine, hall do Concello de Lalín ou museo municipal, en función da programación do Concello, para a exposición.
- Os gastos de subministros e servizos (internet, enerxía eléctrica, auga, calefacción e limpeza) que se puideran orixinar pola cesión de uso gratuito de este espazo.
- Derivación de persoas usuarias.
- Colaboración do persoal técnico do Concello con FEGADACE no desenvolvemento dos programas en caso de estimarse necesario. Serán as técnicas responsables da coordinación do convenio D^a. M^a Jesús Dablanca Pallares e D^a. Cristina Cuñarro Mosteiro.
- Os recursos de apoio necesarios a nivel divulgativo para que as actividades acaden a maior participación posible (medios de comunicación propios como web, redes sociais, e difusión en medios externos locais/comarcais).

SEXTA.- NATUREZA.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, alianza e cooperación social, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que FEGADACE obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO.

Este convenio non comporta achegas económicas xa que o custo das actividades que se desenvolvan dentro do mesmo serán asumidas no marco dos recursos propios de cada entidade asinante, tanto no relativo a custos de infraestruturas como de recursos humanos.

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

A modificación do convenio requirirá o acordo unánime das partes asinantes.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

As partes poderán acordar a creación dunha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do presente convenio, formada por representantes de cada unha das entidades asinantes.

Dita Comisión terá competencia, no seu caso, aos efectos de interpretación e control de execución do mesmo.

DÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura.

O prazo de duración do convenio será de catro anos a contar dende o día seguinte a súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, as partes asinantes poderán acordar a súa extinción.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O acordo unánime das partes asinantes.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún/algunha das asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta establecida na normativa en vigor.

DUODÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na súa aplicación interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos.

As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

FEGADACE e o Concello de Lalín comprométense a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148




CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

FEGADACE


FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.



O Sr. Alcalde
José Crespo Iglesias



Federación Galega de Dano Cerebral
(FEDAGACE)
O Sr. Presidente
Luciano Fernández Pintor

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno.
986787060. Fax: 986780638

Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 17, 2º Andar - Oficina 5 • Santiago de
Compostela, 15703, A Coruña. Tfno. 881943148
